



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL



XERA-Madeira 2022

**Axudas para a realización de proxectos e obras
que empreguen produtos de madeira como
elementos estruturais**

MR502D - MR502G

(Nota: esta presentación non ten vinculación legal sendo
as bases da convocatorias aquelas que dispoñen de tal condición)

Axudas á construción con madeira

- ❑ **Orzamento:** 2,6 M € crédito inicial.
- ❑ **Réxime:** **concorrenza NON competitiva** (as solicitudes resolveranse por orde de rexistro de entrada de expediente completo).
- ❑ **Que se subvenciona?**
 - ❑ MR502D: A redacción de proxectos de construción nova, rehabilitación ou reforma de vivendas unifamiliares que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.
 - ❑ MR502G: A compra e instalación de produtos de madeira en obra nova, rehabilitación ou reforma de vivendas unifamiliares que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.

Axudas á construción con madeira

- Que requisitos teñen que cumprir os proxectos e as obras?**
 - A **estrutura** da edificación será realizada **total ou parcialmente con madeira**.
 - Cando menos, o 20 % do orzamento de execución material do proxecto (OEM) e/ou os custos de execución da obra corresponderase a produtos de madeira ou derivados da madeira (incluída a súa colocación)**
 - Para o computo desta porcentaxe, **só** computarán aqueles elementos que sexan utilizados cunha **finalidade estrutural ou como sistemas de compartimentación, envolvente (incluída carpintería exterior) ou acabados**.
 - Exclúese** para este cómputo o uso da madeira nas:
 - Carpinterías interiores
 - Pavimentos interiores e
 - Acabados interiores

Axudas á construción con madeira

SI computa no 20%

- Uso estrutural con entramado lixeiro, entramado pesado, estrutura masiva de madeira, combinación ou mixto sexa para cuberta, placa-forxado, muros/pilares ou sistemas de compartimentación e envolvente.
- Fachadas. Exemplos: fachadas ventiladas de madeira, de lama sobre rastrel, celosías etc.
- Carpintarías exteriores e acabados en exterior. Exemplos: portas, fiestras, pavimentos, etc.

NON computa no 20%

- Carpintarías interiores e acabados. Exemplos: portas e dinteis, frisos, revestimentos de escaleiras, armarios, etc.
- Pavimentos interiores. Exemplos: tarima ou parqué.
- Peches e valados de madeira exteriores ás edificacións, naves ou establecementos de negocio.

Axudas á construción con madeira

□ Persoas beneficiarias:

- **Persoas físicas, sexa de xeito individual ou unha pluralidade delas, que residan en Galicia.**
- A solicitude de axuda deberá ser para edificación de obra nova, rehabilitación ou reforma de vivendas e sempre que o uso estea destinado a un uso residencial unifamiliar.

Investimentos subvencionables

- MR502D Custos dos honorarios técnicos de redacción** de proxectos técnicos e proxectos de edificación correspondentes ás actuacións subvencionables. Os proxectos de obras de edificación poderanse redactar nunha única fase ou dividirse en proxecto básico e proxecto de execución.
- MR502G Custos correspondentes aos produtos de madeira ou derivados da madeira e a súa colocación** con finalidade estrutural, dos sistemas de compartimentación, envolvente e acabados excluindo os das carpintarías interiores, pavimentos interiores e acabados interiores

Serán **subvencionables os gastos realizados dende o 01/01/2022** ata a data límite de xustificación.

Non se considerarán subvencionables:

- O imposto sobre o valor engadido (IVE) que sexa recuperable conforme á normativa nacional, así como os impostos de natureza similar que sexan recuperables conforme á normativa nacional.
- Taxas de permisos ou licenzas e custo do visado colexial.
- Custos dos honorarios técnicos correspondentes á redacción de anteproxecto á dirección de execución, á dirección de obra ou á coordinación da seguridade e saúde.

Importes máximos de subvención

- O importe máximo da subvención para os custes de redacción dos proxectos de execución de obra non superará en ningún caso os **20.000 euros para persoas físicas**.

O importe máximo da subvención para a compra e instalación de material madeira non superará en ningún caso as seguintes contías:

- **20.000 euros** cando os custos correspondentes aos produtos de madeira ou derivados da madeira que sexan subvencionables e a súa colocación, cando menos, sexa o **20 % do orzamento de execución material da edificación**.
- **30.000 euros** cando os custos correspondentes aos produtos de madeira ou derivados da madeira que sexan subvencionables e a súa colocación, cando menos, sexa o **30 % do orzamento de execución material da edificación**.
- **40.000 euros** cando os custos correspondentes aos produtos de madeira ou derivados da madeira que sexan subvencionables e a súa colocación, cando menos, sexa o **40 % do orzamento de execución material da edificación**.

Importes máximos de subvención

En calquera caso, o **importe máximo de subvención total acumulada por beneficiario será de 50.000 euros para persoas físicas.**

O importe máximo da subvención será do **70 % do gasto subvencionable**, non entanto, esta porcentaxe poderá verse incrementada:

- Nun **+10%** se o solicitante asume o compromiso de que o proxecto contemple a utilización dalgún produto de madeira ou derivados da madeira procedente de **montes galegos** xestionados de forma sustentable (**PEFC ou FSC**) e de que, igualmente, na execución da obra empregaranse materiais que reúnan estas características, debendo para demostrar dita orixe e cualidade aplicar a súa **rastrexabilidade** mediante o uso da plataforma pública e gratuíta da Xunta de Galicia (denominada **FORTRA**).
- Nun **+10%** se o solicitante asume o compromiso de que o proxecto contemple a utilización dalgún produto de madeira ou derivado da madeira que dispoña da marca de garantía "**Pino de Galicia**" e de que, igualmente, na execución da obra empregaranse materiais que reúnan estas características.

Estas porcentaxes poderán ser acumulativas ate un **90% do gasto subvencionable**.

Como solicitar a axuda?

- Prazo de solicitude:** dende o 14/10/2022 ata o 15/11/2022 ou ata o esgotamento dos fondos (se tivera lugar, publicarase o esgotamento no DOG e na web da Axencia).
- Lugar:** sede electrónica, redacción proxectos de obra (MR502D) e/ou compra e instalación de material (MR502G).
- Prazo máximo de xustificación:** ata o 15/12/2022 (anualidade 2022)
ata o 30/06/2023 (anualidade 2023)
- Prazo de remate da obra:** A execución total da obra non terá que estar rematada no momento de xustificación da solicitude de axuda, haberá un período máximo de **30 meses dende a data de visado** do proxecto de execución de obra para rematala.

Exemplo 1:

Unha familia (2 copropietarios) pretenden facer unha nova vivenda destinada a uso residencial utilizando como sistema de compartimentación un entramado lixeiro en madeira e utilizando tamén madeira laminada para a cuberta, supoñen ditas partidas o 25% do OEM (orçamento execución material).

Solicitan a axuda 1.2. (MR502D)

- Para os honorarios de redacción do proxecto de execución, presentan unha oferta de 13.500 € (16.335 € con IVE) dun estudo de arquitectura. O IVE é subvencionable porque non o recuperan estes solicitantes.
- Non utilizarán madeira trazada de montes xestionados de forma sustentable (PEFC ou FSC) nin madeira coa marca de garantía "Pino de Galicia".
- Para copropietarios, o IVE non é recuperable e asumirá, cada un deles, o 50% dos custes de redacción do proxecto.

O importe da axuda 1.2. será de: 11.434,50 € (70% de 16.335 €) e cada un dos copropietarios percibirá o 50% da dita axuda.

Exemplo 2:

Unha persoa pretenden facer unha nova vivenda destinada a uso residencial utilizando como sistema de compartimentación un entramado lixeiro en madeira e utilizando tamén madeira laminada para a cuberta, supoñen ditas partidas o 25% do OEM (orzamento execución material).

Solicita a axuda 1.2. (MR502D)

- Para os honorarios de redacción do proxecto de execución, presenta tres ofertas de estudos de arquitectura, seleccionando a máis vantaxosa dun importe de 16.500 € (19.965 € con IVE) .
- Comprométese a utilizar madeira coa marca de garantía "Pino de Galicia" (70%+10%).
- Para o solicitante, o IVE non é recuperable.

O importe da axuda 1.2. será de: 15.972,00 € (80% de 19.965 €).

Exemplo 3:

Unha persoa pretende facer unha nova vivenda destinada a uso residencial utilizando para a estrutura portante vertical entramado lixeiro de madeira laminada, supoñendo ditas partidas o 23% do orzamento de execución material (OEM).

Solicita a axuda 1.2. (MR502D)

- Para os honorarios de redacción do proxecto, presenta unha oferta por importe de 13.500 € (16.335 € con IVE) dun estudo de arquitectura

Solicita a axuda 2.2 (MR502G)

- Para os custes de correspondentes aos produtos de madeira e a súa colocación presenta tres ofertas seleccionando a máis vantaxosa cun importe de execución por contrata de 56.000€.

O importe da axuda 1.2. será de: 11.434,50 (70% de 16.335 €).

O importa da axuda 2.2 será de: 20.000 (70% de 56.000 € con importe máximo de 20.000 €).

O importe total da axuda percibida será de 31.434,50 €.

Exemplo 4:

Unha persoa pretende facer unha nova vivenda destinada a uso residencial. Conta cun proxecto de execución visado en 2021. Para a estrutura portante vertical será de entramado lixeiro de madeira laminada. A fachada será trasventilada con madeira termotratada trazada de montes galegos xestionados de forma sustentable PEFC ou FSC. Estas partidas supoñen o 30 % do orzamento de execución material

Solicita a axuda 2.2 (MR502G)

- Para os custes correspondentes aos produtos de madeira e a súa colocación presenta orzamento cun importe de execución por contrata de 60.000€ e unha primeira factura e pago do mes de xullo.

O importa da axuda 2.2 será de: 30.000 (80% de 60.000 € con importe máximo de 30.000 €)

DOG

Bases e convocatoria >> [acceso](#)

DOG nº 195, xoves 13 de outubro de 2022



Máis información



xera.cmr@xunta.gal



@XERAAxenciadaindustriaforestal



www.xera.xunta.gal



@XERAindustriaforestal



Presentación de solicitudes en sede electrónica >> [acceso](#)



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL